



## PROXECTO DE EDUCACIÓN SEXUAL

Infantil-Primaria

Rúa Fonte do Monte 2 Baixo C.P. 32004 Ourense  
e-mail: [aseia.galicia@gmail.com](mailto:aseia.galicia@gmail.com)

Teléfono: 622245545  
[www.aseiagalicia.org](http://www.aseiagalicia.org)



## 1. PROXECTO DE EDUCACION SEXUAL INFANTIL – PRIMARIA E NAIS/PAIS

O Proxecto de Educación Sexual dirixirase a alumnos de educación infantil e primaria e as súas nais/pais ou titores legais. Os obxectivos, contidos e metodoloxía son compartidos para os diferentes ciclos de infantil e primaria, sempre adaptados ás necesidades de cada un así como para as súas familias

### 1.1 Obxectivos

- a) Favorecer que os alumnos, nais/pais, profesorado crense unha idea xeral do feito de ser sexuado e as súas consecuencias.
- b) Dispoñer dun vocabulario básico para entender e expresar o feito dos sexos.
- c) Entender a sexualidade como un proceso diverso que implica o respecto á diferenza.
- d) Dispoñer dos elementos suficientes para valorar o sexo como unha dimensión da condición humana que xera un gran potencial de atracción e convivencia.
- e) Coñecer elementos básicos de saúde e prevención #ante algunhas condutas de risco polos principais factores asociados a elas.
- f) Entender as dúbidas, os medos, as diferenzas como unha parte do proceso de descubrimento da propia sexualidade.
- g) Favorecer o tratamento crítico dos ideais románticos, os estereotipos de xénero e outros mitos e crenzas acerca da sexualidade.

### 1.2. Contidos

- O respecto polo propio corpo e polo corpo dos demais
- Distinguir o concepto de sexo do de reprodución.
- Manexar conceptos e vocabulario básicos.
- Profundar nas ideas de calidade e dimensión para entender o feito sexual humano.
- Introducir as ideas de diferenza, respecto e empatía con elementos propios da sexualidade saudable.
- Comprender o mundo das sensacións, emocións e desexos como algo intrínseco á sexualidade.
- Principais problemas, incidencias, ou dificultades co sexo, con vistas a previlos e no seu caso saber como resolvelos.



- O ideal romántico, os estereotipos de xénero, o lugar dos xenitais na sexualidade e outros mitos que interferen en en unha percepción saudable do sexo.

### 1.3. Metodoloxía

A metodoloxía será activa e participativa, como forma de concibir e abordar os procesos de ensino-aprendizaxe e construción do coñecemento. Esta forma de traballar entende aos/as alumnos/as como axentes activos na construción, do coñecemento e non como axentes pasivos meramente receptores/as.

Este enfoque metodolóxico parte do convencemento de que todos/as os/as alumnos/as posúen unha experiencia actual e un conxunto de actitudes que levan consigo e que deben de ser empregadas para favorecer o proceso de ensino- aprendizaxe.

Utilizaranse medios de apoio para a reprodución de imaxes, PowerPoint, breves fragmentos de películas, co obxectivo de facilitar o proceso de aprendizaxe e intercambio de impresións.

Entregarase material formativo accesible, para seguir o contido das accións formativas, facilitando así mesmos datos acerca de fontes de información de calidade no tema abordado.

levaráse a cabo algunha breve dinámica grupal co obxectivo de favorecer a acción-participación.

Favoreceranse mecanismos de para que os/as alumnas poidan realizar consultas de maneira anónima de forma que a intimidade quede preservada e póidanse abordar as súas preocupacións persoais dunha forma xeneralista.

Débase ter en conta que en todo momento búscase un intercambio comunicativo cos participantes de forma que estes sexan protagonistas da acción formativa desde unha posición activa e non meramente receptiva.

Recomendamos un ciclo de tres sesións por grupo que se poden desenvolver con periodicidade mensual. A periodicidade pode variar, aínda que recomendamos que se estenda un pouco no tempo para facilitar o asentamento do coñecemento e favorecer que os participantes do grupo introduzan as súas experiencias e vivencias.

A progresión das sesións para alumnos de infantil e primeiro ciclo de primaria podería ser a seguinte:

1ª Sesión: Presentación. Temos corpo, temos mente, temos sexo

2ª Sesión: No sexo todos somos iguais porque todos somos diferentes



3ª Sesión: Que sentimos?. Sensacións e emocións.

4ª Sesión: Respetar a sexualidade. Coidar ao outro e coidarnos a nós mesma 5ª Sesión: Contos que nos contan sobre o sexo.

A duración das sesións debería ser de 50/60 minutos. No caso de non poder realizarse a totalidade das mesmas hai algunhas que poden agruparse diminuíndo os contidos das mesmas



### 3.4. Equipo de Profesionais

O persoal que imparta cada acción formativa contará con alta preparación nos contidos para desenvolver, en xestión de grupos de adolescentes e en habilidades pedagóxicas.

Trátase de persoal con formación e membros de sociedades de recoñecido prestixio. Pódese contar con profesionais que teñan experiencia no ámbito de menores.

O equipo de traballo estará coordinado e supervisado por:

#### RICARDO FANDIÑO PASCUAL

Doutor e Psicólogo Clínico con ampla experiencia no traballo con adolescentes e as súas familias, nos ámbitos da prevención e a intervención individual, grupal e institucional. Profesor Asociado do Departamento de Psicoloxía Evolutiva da Universidade de Santiago de Compostela. Profesor Colaborador da Universitat Oberta de Catalunya (UOC) e a Universitat Internacional de Valencia (VIU).

#### VANESSA RODRÍGUEZ POUSADA

Psicóloga, Psicopedagoga e Sexóloga cunha longa traxectoria na intervención educativa, terapéutica e institucional con adolescentes. Profesora Colaboradora da Universitat Oberta de Catalunya (UOC) no #Máster de Psicopedagogía e o Grao de Educación Social. Membro fundadora de ASEIA e vicepresidenta da Sociedade Galega de Sexoloxía (SOGASEX). Autora dos libros “La Loita Sexual dos Adolescentes en la Hipermodernidad” (UOC editorial 2018) e “Ser Adolescente: Transición o destino?” (UOC editorial 2021). Doutoranda na Universitat Jaume I. Docente en diferentes cursos sobre violencia sexual na adolescencia e educación #sexual de carácter autonómico e estatal.